

POLA CANDOLARIA

Imos da màn da asociación VAIPOLORIO no día dos humedais, cando no refraneiro do almanaque celebramos a CANDOLARIA de cando na noxa tradición popular casan os pasariños, nun tempo cando nenos e aínda voaban ceibes os estorniños as nosas nais decíanos que cando os paxariños se arremoiaban todos xuntos ían de boda cando o ceo era ceibe e lles pertencía e os estorniños facían debuxos no ceo e non molestaban e alegraban a vida naquel tempo de fame e fume

Camiñamos a carón do río ás polas das árbores filtran as pingas de auga fría de febreiro enchoupando o camiño co arrecendo de loureiro e mentrasto donde nas ourelas no tempo florece o Narciso, imos donde as Brañas do GAFOS se atopan no seu estado natural ali a carón dun Estripeiro o árbore mais vello do río o profesor AMANCIO CASTRO danos unha clase a pé de campo da importancia para a natureza e para todos nós da conservación e protección dos humedais que como as brañas aínda permallecen sen degradar, nun espazo aínda virxen lonxe da cidade no rural donde as casas nunha tarde de friaxe co lume acendido fumegan as tellas . Xá non aí xente a traballar nas veigas nin gando nos pastizais, nin moendas nos muiños , xa nadie lava nas ourelas dos ríos, nin se escoita o cantar do carro nas congostras , soio o rechouchio dos paxaros faime lembrar que xá axiña chega o cuco traendo a primavera no pico entre MARZO e ABRIL

Vaixa cheo o río das sete enchentes leva trazas de río grande e abondoso cheo de pequenas fervenzas cas ourelas enchoupadas de auga, reverdecen os fentos co brillo da choiva cando as mimosas queren amarelar rematando co predominio do verde , facemos unha parada na Poza da Moura, non a atopamos pero soupemos da fermosa lenda da fada que quería cobrar peaxe por suas adiviñanzas e nós queríamos saber algo do futuro do río aínda que fose a cambeo de algo, magoa que non estibese, ao pasar polo muiño de CABANAS restaurado por VAIPOLORIO penso noutros tempos dos nosos antergos na quentura das lareiras e nos muiños a contar esas fermosas lendas nos longos días de inverno nises espazos que foron museos naturais que souperon gardar a nosa historia que foron primordiais para engrandecer o noso patrimonio inmaterial e conservación de cantigas e refraneiro eo idioma que foron pasando de pais a fillos e nós estamos como as Brañas do GAFOS na obriga de conservar e deixalas para xeracións vindeiras tal como as atopamos.

Antón Roel